

BONO EMANCÍPATE

PARA XENTE NOVA TRABALLADORA
MENOR DE 36 ANOS



XUNTA
DE GALICIA



QUE É?

É un programa de axudas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, destinado ás persoas mozas traballadoras que aluguen ou adquiren en propiedade unha vivenda, **para contribuír a sufragar os gastos derivados da súa emancipación nunha vivenda distinta da dos/das seus/súas proxenitores/as**, que non sexan os do prezo de adquisición ou da renda de alugueiro, como son os derivados da adquisición de mobiliario e artigos de decoración en xeral, electrodomésticos, enxoval de cociña e baño e téxtil de fogar.

CALES PODEN SER PERSOAS BENEFICIARIAS DA AXUDA?

Poderán beneficiarse desta axuda as persoas físicas maiores de idade que reúnan todos e cada un dos requisitos seguintes:

1. Ter **menos de 36 anos de idade** no momento de solicitar a axuda.
2. Posuír a **nacionalidade** española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso das persoas estranxeiras non comunitarias deberán acharse en situación de estancia ou residencia regular en España.
3. **Dispoñer de, polo menos, unha fonte regular de ingresos na data da solicitude.**

Para estes efectos, entenderase que teñen unha fonte regular de ingresos quen estea traballando por conta propia ou allea, o persoal investigador en formación e as persoas perceptoras dunha prestación social pública de carácter periódico, contributiva ou asistencial, sempre que poidan acreditar unha vida laboral de, polo menos, tres meses de antigüidade, nos seis meses inmediatamente anteriores ao momento da solicitude, ou unha duración prevista da fonte de ingresos de, polo menos, seis meses, contados desde o día da súa solicitude.

No caso de dispoñer de máis dunha fonte regular de ingresos, as rendas computables serán a suma das rendas derivadas das ditas fontes.

4. Non superar os seguintes umbrais de renda:

- » **Para o caso de persoas solicitantes con unidade de convivencia, que a suma dos ingresos anuais das persoas que a compoñen sexan iguais ou inferiores a catro veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).** Este límite será de cinco veces o IPREM cando na composición da unidade de convivencia haxa persoas cunha discapacidade inferior ao 33%, e de seis veces o IPREM cando o grao de discapacidade recoñecido sexa igual ou superior ao 33 %.

Só se terán en conta as rendas anuais da persoa solicitante no caso de que concorran os seguintes dous requisitos:


- a. Que no momento de solicitar a axuda ningunha das persoas que conviva na vivenda teña entre si parentesco en primeiro grao de consanguinidade ou ben que todas elas teñan menos de 36 anos de idade.
- b. Que todas elas subscriban o contrato de alugamento ou a escritura pública de compravenda da vivenda.

Para este caso, o límite da suma de ingresos anuais será o que se indica no punto seguinte.

- » **Para o caso de persoas solicitantes sen unidade de convivencia, que a suma dos seus ingresos anuais sexa igual ou inferior a tres veces o IPREM.** Este límite será de catro veces o IPREM cando a persoa solicitante conte cunha discapacidade inferior ao 33%, e de cinco veces o IPREM cando o grao de discapacidade recoñecido sexa igual ou superior ao 33 %.



5. **Ser titular na Comunidade Autónoma de Galicia, en calidade de persoa arrendataria, dun contrato de alugamento de vivenda**, formalizado con posterioridade ao 30 de abril de 2025 **que teña unha duración mínima dun ano, ou ter subscrito como adquirente unha escritura pública de compravenda dunha vivenda** con posterioridade ao 30 de abril de 2025.
6. **Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda arrendada ou adquirida** no momento de presentación da correspondente solicitude.
7. **Non se poderá conceder a axuda cando a persoa solicitante ou algunha das que compoñen a unidade de convivencia se atope nalgunha das situacións que a continuación se indican:**
- a. **Ser persoa propietaria ou usufrutuaria** dalgunha vivenda en España distinta da que é obxecto da solicitude.
 - b. **Ter parentesco** en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade **coa persoa arrendadora ou vendedora** da vivenda.
 - c. **Ser socia ou partícipe** da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora ou vendedora.



CAL É A CONTÍA DA AXUDA?

A contía total da axuda é de 1.500 € para as persoas mozas que, reunindo os requisitos establecidos nestas bases, soliciten a axuda na súa condición de **arrendatarias** dunha vivenda diferente da dos/das seus/súas proxenitores/as, e de 3.000 € para as que teñan **adquirido unha vivenda en propiedade**, con posterioridade ao 30 de abril de 2025 e en todo caso antes da data de remate do prazo de solicitudes.

COMO SE FARÁ EFECTIVA A AXUDA?


A axuda farase efectiva a través dunha **tarxeta virtual**, a cal só **poderá ser utilizada en establecementos** de venda de mobiliario, de electrodomésticos, tendas de decoración e outros establecementos especializados e grandes superficies, que teñan establecemento **aberto no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia**. Esta tarxeta non poderá ser utilizada en compras a distancia.

PARA QUEN ALUGUE

1.500 €

PARA QUEN MERQUE

3.000 €



EN QUE BENS E SERVIZOS PODO EMPREGAR O SALDO DA MIÑA TARXETA VIRTUAL?

Subvenciónase a través do Bono Emancípatе, nos establecementos de venda de mobiliario, de electrodomésticos, tendas de decoración e outros establecementos especializados e grandes superficies, que teñan establecemento aberto no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a adquisición dos seguintes bens e servizos:

- » **ELECTRODOMÉSTICOS:** forno convencional, placa de indución, lavalouzas, forno microondas, lavadora, secadora, frigorífico, conxelador, deshumidificador.
- » **PEQUENOS ELECTRODOMÉSTICOS:** batedor de man e de vaso, frixideira de aire, cafeteira, ferro de pasar, aspiradora, radiador, torradora, espremedor.
- » **MOBLES DE SALÓN/COMEDOR:** sofá, mesa de comedor, cadeira/s, lámpada de pé ou de teito, mesa auxiliar, moble de TV, estante.
- » **MOBLES DE CUARTO:** cabeceiro, estrutura de cama, somier, colchón, amofada, aparador, armario, lámpada de pé ou de teito, mesa auxiliar.
- » **MOBLES DE COCIÑA:** mesa, cadeira/s, estante, lámpada de teito.




- » **MOBLES DE BAÑO:** estante, moble de lavabo, cadeira, biombo ou cortina de ducha.
- » **ARTIGOS DE DECORACIÓN:** cadros, porta retratos, testos, alfombras, espellos, floreiros.
- » **ENXOVAL DE COCIÑA:** potas, cazos, tixolas e similares, vaixela, cubertos e outros utensilios.
- » **ENXOVAL DE BAÑO:** xaboeira, porta cepillos e similares, espello.
- » **TÉXTIL DE FOGAR:** sabas, edredóns, toallas, mantas.



No caso dos electrodomésticos e pequenos electrodomésticos só se poderá adquirir unha unidade de cada tipo, agás o radiador, do que se poderán adquirir un máximo de 3 unidades.

No caso de enxoval de cociña e baño, poden adquirirse cada tipo de produto individualmente ou como un xogo.

Os produtos e servizos subvencionados serán aqueles que se adquieran desde a data da activación da tarxeta polas persoas beneficiarias ata o 31 de decembro de 2026.



COMO PODO FORMULAR A MIÑA SOLICITUDE? EN QUE PRAZO?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, código de procedemento CT501B. **Con ela xuntarase a documentación esixida na convocatoria para cada caso.** Na solicitude deberá figurar, con carácter obrigatorio, un número de teléfono móbil para os efectos de activar a tarxeta. A activación será efectiva unicamente desde o número de móbil que se faga constar na solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 13 de febreiro de 2026 e estará aberto ata o día 30 de abril de 2026, ambos incluídos, salvo que se produza con anterioridade o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible, caso en que se observará o disposto no artigo 3.4 (orde de prioridade de data e hora de entrada).



CT501B



COMO SEI SE ME CONCEDERON A AXUDA?

Logo de comprobar o cumprimento de todos os requisitos e de realizados os trámites previstos na convocatoria, a Dirección Xeral de Xuventude emitirá unha **resolución de concesión** e posteriormente recibirás unha **comunicación con instrucións para descargar e activar a tarxeta virtual no teu móbil**.

Se o **orzamento** previsto na orde non é suficiente para proceder ao pagamento de todas as axudas solicitadas,, aplicase como criterio de prioridade a data e a hora de presentación. As solicitudes tramitaranse en función da súa orde cronolóxica de entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia. **Para tal fin, considerarase data de presentación aquela en que a solicitude estea validamente cuberta e acompañada da totalidade dos documentos esixidos nas bases reguladoras e na correspondente convocatoria.** No momento en que se esgote o crédito orzamentario, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude publicarao no Diario Oficial de Galicia e na páxina web:

» <http://xuventude.xunta.gal>

Entenderanse inadmitidas as solicitudes que se tiveran formulado con posterioridade a aquela que deu lugar ao esgotamento do crédito orzamentario.



